

## 1.- REGULAMENTO

A **Carreira SANCI 5K** nace nesta I Edición **100% SOLIDARIA**. A Recaudación será íntegramente doada para a recuperación da Carpintería de Ribera de San Cibrao, co obxectivo importante de **contribuir a reconstruír a última carpintería de ribeira da provincia de Lugo** e das últimas de Galicia para preservar o patrimonio cultural que ela posee.

1.- Poderán participar nas distintas probas todos aqueles atletas que o desexen. As distancias son orientativas non homologadas.

2.- As INSCRICIÓN S ESTARÁN ABERTAS ata o **domingo 27 de Agosto** e terán o precio de inscrición para carreira absoluta de 10€ . A partir do venres 25 de Agosto o abono será de 15 euros.

As Inscricións dos nen@s que participan ó ser solidaria será de 2 euros (dende Pitufos sub8 ata Cadete).

3.- As inscricións poderanse facer única e exclusivamente en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

4.-A retirada de dorsais realizarase na Praza dos Campos o mércores 30 de Agosto dende as 17 horas.

5.- Tódolos participantes terán asignado un dorsal, e que irá situado no peito e terá que ser visible no desenrolo da proba.

6.-Dado que os participantes coinciden en hora e circuíto farase un control de paso en diferentes puntos do circuíto. A organización establecerá controis durante o transcurso da proba polos que pasar os participantes para non ser descalificados.

7.- O peche do control será 45 minutos despois de que entre o 1º clasificado en meta .

8.- Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.

9.- O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

## 2- PREMIOS / VARIOS

- Haberá trofeos para os tres primeiros clasificad@s de todas as categorías.

- Obsequios para os campións masculino e feminino empadroados en Concello de Cervo.

- Obsequiarase cunha camiseta técnica conmemorativa a todos os adultos participantes que figuran entre os 150 primeiros inscritos na proba ou ata fin de existencias.

- Servicio de avituallamento (bolsa do corredor)

- Cronometraxe control de meta por Championchipnorte



- Cronómetro Xigante en meta
- Vídeo chegada en línea de meta
- Servicio de megafonía
- Seguro individual de accidentes
- Dorsal personalizado con impresión de código QR para visualización inmediata de resultados pessoais ó chegar á meta.
- Ambulancia en evento.
- Vallas e senalización do circuito. Vallada a zona de saída/meta con acceso só a atletas e organización

### 3- HORARIO, DISTANCIA E CATEGORÍAS CIRCUITO

O circuito consta de unha distancia de 5 kilómetros, case totalmente chairro e discurrirá pola localidade íntegramente de San Cibrao.

**A SAÍA e a META estarán situada na PRAZA DOS CAMPOS.**

19:00 h	250 m	Categoría Sub 8 masculina (non competitiva)	(2016 e posteriores)
19:05 h	250 m	Categoría Sub 8 feminino (non competitiva)	(2016 e posteriores)
19:10 h	500 m	Categoría sub 10 feminino	(2014-2015)
19:15 h	500 m	Categoría sub 10 masculino	(2014-2015)
19:20 h	500 km	Categoría sub 12 feminino	(2012-2013)
19:25 h	500 km	Categoría sub 12 masculino	(2012-2013)
19:30 h	1 km	Categoría sub 14 feminino	(2010-2011)
19:40 h	1 km	Categoría sub 14 masculino	(2010-2011)
19:50 h	1 km	Categoría sub 16 masculino e feminino	(2008-2009)
20:00 h	5 km	Saída Resto Categorías. Proba ABSOLUTA 5K	(2007 e posteriores)
21:00 h	CEREMONIA DE PREMIACIÓN		

<b>SENIOR MASCULINO e FEMININO</b>	<b>(2007 a 34 anos)</b>
<b>VETERAN@S A MASCULINO E FEMININO</b>	<b>(35 a 44 anos)</b>
<b>VETERAN@S B MASCULINO E FEMININO</b>	<b>(45 a 54 anos)</b>
<b>VETERAN@S C MASCULINO E FEMININO</b>	<b>(55 a 65 anos)</b>
<b>VETERAN@S D MASCULINO E FEMININO</b>	<b>(66 en adiante)</b>



Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet

